

Santiago, outubro de 1988.

Estimado/a compañeiro/a:

Tes nas mans o primeiro boletín informativo da Mesa pola Normalización Lingüística. Hai tempo xa que na Coordinadora Nacional foi discutida a conveniencia dunha folla periódica para informar das actividades da asociación. Non se pretende con ela facer un relato pormenorizado, pero si que todos os sócios estemos ao tanto das actividades que se desenvolven e conseguir así unha organicidade indispensable. De momento o boletín terá unha periodicidade trimestral, repasando todas as actividades que se realizan. Haberá tamén números adicados a un só tema, debido á súa importancia ou porque a novidade obrigue a entrar máis en detalles.

A tardanza en començar a elaborar os boletíns foi debido ao precario da organización e á complexidade de poñer a andar unha estrutura con tan pouco tempo de existencia.

No momento actual temos sentadas as bases para funcionar con certa soltura e sen altibaixos. Este verán alugamos un local na Rua do Vilar 29 - 1º B de Santiago, e na última reunión da Coordinadora decidimos instalar un teléfono de denuncias contra todo tipo de agresións ao idioma. Neste mesmo senso demos un paso moi importante ao ter informatizados todos os datos que interesan á asociación.

Actividades que se están a desenvolver:

ENSINO: Hai un ano e medio foi elaborado un Plan de Normalización Lingüística para o ensino entre os sindicatos (CCOO, CXTG, SGTE e UTEG), as asociacións pedagóxicas ASPG e Nova Escola, a APLL e a MNL. Sobre esta base traballamos desde aquela conxuntamente. Neste momento acabamos de editar carteis, pegatinas (10.000 e 30.000). Levamos as propostas aos claustros. Conseguimos unha das nosas reivindicacións: A creación de seminarios de normalización lingüística nos centros que o soliciten. Creemos que a pesar dos pesares estamos conseguindo que nos centros de ensino aumente o uso e a sensibilidade a respecto do idioma.

CONCELLOS: Tivemos unha reunión cos concellos en outubro do ano pasado. Dela saíron propostas de galeguización. Un dos problemas que afectan ás corporacións locais para a súa galeguización (ademais da falla de vontade na maior parte dos casos) é a dificultade económica. Por este motivo estamos estudando reivindicacións concretas de carácter económico fronte ás diputacións. O obxectivo será que sufraguen parte dos gastos dos concellos ademais de normalizar-se a si mesmas.

GALEGO EXTERIOR: Desde hai un ano mantemos contactos co Grupo Eilao Pro defensa da Lingua da zona occidental de Asturias. Xuntos estamos traballando a prol do recoñecimento e normalización do noso idioma para esa bisbarra. Na actualidade o Parlamento Asturiano está pendiente de tratar unha proposta de lei sobre a regulación do galego para o occidente artur xunto co do bable para o resto do territorio asturiano. A nosa actividade consiste en apoiar cantas iniciativas leve adiante este grupo, así como fomentar e xestionar canta medida favoreza o avance do galego nesta zona.

Tivemos tamén un primeiro contacto cos grupos do Bierzo, concretamente co colectivo A Curuxa e co Partido do Bierzo.

CAMPANAS DE CARACTER LOCAL: Nas Pontes durante a primavera (Dia das Letras Galegas) e coa subvención do Concello desenvolveron-se actos organizados pola MNL, cun gasto que rondou as 500.000 pesetas.

Na bisbarra do Barbanza editamos unha carpeta contendo as biografías e poemas de escritores nados nesta zona. Contou-se coa subvención de diferentes entidades da comarca.

Ofertaron-se conferencias e colaboracións en mesas redondas a centros de ensino de todo o País, con ocasión do 17 de Maio. Foron realizadas arredor de 25 charlas en diversos lugares (AAVV, agrupacións culturais, algunha festa...).

Na Coruña intentou-se levar a cabo un festival de comenzo de curso pola galeguización do ensino. Houbo que suspender-lo por falla de apoios económicos.

En Santiago porá-se en marcha unha campaña pola galeguización do Concello cun plan de normalización que xa está elaborado.

Segue a ser unha preocupación de toda a Coordinadora Nacional a necesidade de entrar en outros campos como o comercio e sectores privados.

No referente á captación de sócios estamos moi por debaixo da acollida social e das simpatías con que contamos. Rondamos os mil sócios. Consideramos que cinco mil sócios sería unha cifra que faría posíbel un traballo moi eficaz.

En números posteriores agardamos poder-vos dar a información sobre menos temas e máis explicada.

Déica entón un cordial saúdo.

Coordinadora Nacional da MNL.